

## Táboa comparativa: Descartes vs. Hume

Tema	Descartes (Racionalismo)	Hume (Empirismo)
Fonte do coñecemento	A razón é a fonte principal e máis fiable.	A experiencia sensorial é a única fonte do coñecemento.
Ideas innatas	Existen ideas innatas (Deus, sustancia, causa, número).	Non existen ideas innatas; a mente é unha táboa rasa.
Ideas/percepcións	Ideas adventicias, facticias e innatas.	Impresións (fortes) e ideas (copias debilitadas).
Método	Método matemático: evidencia, análise, síntese e enumeración.	Criterio da impresión + asociación de ideas.
Papel dos sentidos	Son pouco fiables; poden enganar.	Son a base de todo coñecemento.
Certeza / verdade	Busca fundamentos indubidables (cogito).	Non hai certezas absolutas, só crenzas probables.
Dúbida	Dúbida metódica para chegar á verdade.	Escepticismo fronte ao que non derive da experiencia.
O eu	O eu é unha sustancia pensante estable.	Non hai sustancia persoal; só feixes de percepcións.
Metafísica	Tres sustancias: alma, Deus, materia.	A metafísica non ten sentido: non hai impresións de sustancia.
Deus	Demostra a súa existencia; garante a verdade.	A idea de Deus non deriva dunha impresión.
Causalidade	Real e necesaria dentro do mecanicismo.	É un hábito da mente, non unha conexión necesaria.
Ciencia	Baseada na certeza e en leis universais.	Só ofrece coñecemento probable.
Visión do mundo	Dualismo alma-corpo; mundo mecanicista.	Crítica ás nocións de sustancia e necesidade.

Finalidade

Fundamentar de forma  
segura o coñecemento.

Mostrar límites e  
desmontar pretensións  
infundadas.